

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa á supresión dos exames teóricos para a obtención do carné de conducir en diversas localidades, caso de Monforte de Lemos.

### Exposición de motivos

A veciñanza de Monforte de Lemos, como a de Ferrolterra, O Barco de Valdeorras e Foz perderá a partires do mes de agosto, segundo as comunicacións da Dirección Xeral de Tráfico (DXT), a capacidade de realizar nas súas localidades os exames teóricos para a obtención do carné de conducir.

As razóns esgrimidas polas autoridades son no mellor dos casos menores, sendo o trastorno e gastos maiores para a xente que terá que empregar tempo e diñeiro en se desprazar ás capitais provinciais para realizar unha proba teórica que dende hai moitos anos facíase nas súas localidades. Esgrímese a pseudo razón da centralización e a realización da proba nun ordenador. De momento, os exames prácticas mantéñense nesas localidades.

En Monforte de Lemos realízanse ao redor dunhas cincocentas probas teóricas ao ano. Son moitas persoas as afectadas, tempo e diñeiro detraído nos desprazamentos, e todo a causa da peregrina centralización e a falla de equipos informáticos... no ano 2015.

O certo é que non se escoitou á Xunta sobre esta perda e gasto para a veciñanza. Sería ben escoitar a súa voz da man das demandas desa veciñanza.



Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a que se dirixa a DXT para suspender a previsión da eliminación das probas teóricas na vila de Monforte de Lemos.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a colaborar coa DXT e os concellos afectados no proceso de informatización da proba teórica de maneira que desapareza o pretexto para privar a milleiros de persoas dese servizo.

En Compostela, a 17 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 17/07/2015 10:58:21**